

VOLTA E DÁLLE TEATRO PRESENTA

DVRA LEX

A stylized illustration of a hand in a white suit sleeve holding a wooden gavel. The background is a dark red field filled with various legal symbols in a lighter red tone, including scales of justice, gears, and tools. The title 'DVRA LEX' is written in large, gold, serif capital letters across the top.

Con

PEPE PENABADE

Escrito e Dirixido por

CARLOS SANTIAGO

Codirixido por

COMBA CAMPOY

Dura Lex xorde da constatación de que algo non cadra no funcionamento da Xustiza na nosa sociedade. A propia democracia ten no poder xudicial un dos seus piares fundamentais, pois por definición non se pode concibir a democracia sen os principios da igualdade perante a lei nin o da independencia do poder xudicial. Con todo, o día a día da vida pública parece desafiar estes alicerces da nosa convivencia en sociedade. Xuízos paralelos na prensa, tribunais aparentemente coaccionados por poderosos grupos de intereses, tratamento desigual das persoas conforme a súa extracción social, corruptelas e demandas de prevaricación no estamento xurídico, crispadas polémicas sobre os dereitos civís e as liberdades públicas, e unha longa ladaña de fenómenos recorrentes na esfera da xustiza, semellan relar a raíz do ordenamento xurídico democrático. É xa verdade vulgar que a xustiza non funciona, ou é lenta, ou beneficia aos poderosos. A vox populi non ten compaixón cos grandes e fermosos ideais democráticos consagrados nas constitucións: quen fai a lei fai a trampa, e máis quero ver a miña vaca morta que xustiza na porta, que disque a xustiza é cega, mais é só chosca dun ollo.

SINOPSE

O xuíz Salomón da Silva, natural de Nacente, aldea perdida no Souto da Retorta, convoca un acto promocional para presentar un invento revolucionario, a DURA LEX PRO 1.0, a máquina de facer xustiza. Víctima dunha conspiración urdida nas intrincadas canalizacións do poder xudicial, o xuíz Salomón da Silva quere redimirse dando a coñecer o froito de máis de vinte anos de traballo e investigación.

Entre as variadas prestacións do invento destaca a súa axilidade no procesamento de condutas delictivas, a súa economía de medios facilitada pola supresión de fiscais, avogados, procuradores e outros roles xurídicos, e a súa irreprochable imparcialidade mecánica. Ante a urxencia de reformas e recortes no eido xudicial, sancionada pola crise e a política gubernamental, o noso xuíz ofrece á sociedade a solución perfecta a todas as imperfeccións do sistema xudicial.



FICHA TÉCNICA:

AUTOR: Carlos Santiago

DIRECCIÓN: Carlos Santiago e Comba Campoy

ACTOR: Pepe Penabade

ESPAZO SONORO: Carlos Santiago

DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Xacobo Castro

VESTIARIO: María Gaiteiro

DESEÑO GRÁFICO E ATREZZO: Pancho Lapeña

FOTOGRAFÍA: Xan G. Muras

VIDEO: Enrique Acha

TÉCNICO DE LUZ E SON: Xacobo Castro

PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN: Voltaedalle- teatro e Tintimán

COMUNICACIÓN: Comba Campoy

Necesidades Técnicas:

Escenario de 6m de boca 4m de fondo e 3,50m de altura.

Toma de corrente trifásica de 15.000vatios/380v.

Local con camerín ou servizos.

Posibilidade de adaptación a espazos máis reducidos



VOLTAEDALLE-TEATRO

Rúa. Torreira, 4 baixo esquerda

15705 Compostela

www.voltaedalle.com

voltaedalle@gmail.com

Tfnos. 686483884 981574017

Producen:



Colabora:



Confederación Intersindical Galega

† OS QÜNQÜILLANS †



CONCELLO DE TEO

